

LECTURAS RECOMENDADAS

Para mellorar as vosas escollas vou marcar con cores os diferentes niveis de complexidade que poden presentar as obras da nosa listaxe:

Vermello para o nivel avanzado.

Verde para o medio.

Azul para os máis asequibles.

Rúa Carbón. Marilar Aleixandre. : Paula vive coa súa nai e coa súa avoa materna. O seu pai faleceu nun accidente cando ela era moi pequena. Este verán vai visitar á súa avoa materna. Con ela vai descubrir que o seu pai era un membro de ETA e que faleceu manipulando un explosivo.

Apocalipse Z, O comezo da fin. Manuel Loureiro. O noso protagonista escribe un diario para intentar superar a tristeza que lle produciu o falecemento da súa muller. Lendo este diario iranos contando como en pouco tempo uns estraños sucesos acontecidos nun país moi afastado van facer que un estraño virus se propague por todo o mundo. Desde o seu piso de Pontevedra, no que se refuxia, verá como os “enfermos” chegan a súa porta. Ese será o momento no que decida actuar e intentar salvarse.

Apocalipse Z, Os días escuros. Os nosos protagonistas conseguen chegar a Canarias onde se atopa a poboación que conseguiu salvarse do desastre. Alí mantense unha especie de goberno de emerxencia. A necesidade de recuperar certas materias vai provocar que teñan que retornar á Península nunha arriscada misión.

Apocalipse Z, A ira dos xustos. Os nosos protagonistas atópanse á deriva polo océano. Cando todo parece perdido atoparán aos Xustos dun xeito tan inesperado como espectacular

Tempos de bebidas isotónicas e de fast-food. Álex Alonso. : neste libro atoparemos 30 contos breves que van tratar temas que non deixan indiferente a ninguén como: o racismo, o acoso, a pedofilia, o maltrato animal...

Dime algo sucia. Diego Ameixeiras. A novela comeza presentándonos a escena dun crime terrible. Un adolescente aparece morta a disparos con claros síntomas de sufrir unha agresión sexual e ao seu carón aparece morto a tiros o seu agresor. Cóntase a un ritmo de vertixe a historia das persoas que se cruzan na cidade de Oregón (Ourense) e que, dunha forma ou doutra teñen relación con ese crime. (Advertencia. Esta novela ten esceas duras. Avisados quedades)

A neta do señor Lihn. Philippe Claudel. O señor Lihn ten que escapar do seu país por culpa da guerra. Viaxa acompañado da súa neta (un bebé de poucos meses de idade), os dous son os únicos sobreviventes da súa aldea.

Como unha áncora. Iria Collazo. Na ría de Vigo prodúcese un naufraxio, nel afoga un mariñeiro de Moaña. Este suceso vaise relacionar con outros acontecidos moitos anos antes que fan que a súa muller experimente unha conexión con todos eles.

Infamia. Leticia Costas. Unha muller foxe dunha relación sen futuro. Acepta un traballo nunha nova cidade, a que chega xusto no 25 aniversario da desaparición de dúas irmás. A pesar da súa fuxida a esa nova cidade acompañarana as pantasma do seu pasado que a levarán a relacionarse con todas as persoas que, dunha maneira ou doutra, estiveron implicadas na misteriosa desaparición das

rapazas. Esta novela vaise mergullar no máis escuro do ser humano. (Advertencia. Esta novela é dura. Avisados quedades)

Os rapaces non calcetan. T.S. Easton. Ben, un mozo de 17 anos, é condenado a prestar servizos comunitarios por culpa dun desafortunado incidente. É obrigado a apuntarse a unha clase, escolle a de calceta porque esa clase é impartida pola profesora que lle gusta. Para a súa sorpresa esta actividade gústalle e dáselle excepcionalmente ben.

Os escaravellos voan á tardiña. María Gripe. Un grupo de amigos coidan dunha casa deshabitada na que van descubrir unha serie de segredos.

O curioso incidente do can á medianoite. Mark Haddon. Christopher, un rapaz amante das matemáticas e dos misterios, decide investigar o asasinato do can da súa veciña.

A cea. Herman Koch. Dous matrimonios reúnen para cear. A pesar de que os homes son irmáns non se reúnen para celebrar ningún acontecemento familiar. O motivo desta quedada é pórse de acordo en como actuar despois de descubrir que os seus fillos están implicados nun sucesos terribles.

Europa Express. Andrea Maceiras. Un grupo de amigos decide facer unha viaxe por diferentes países de Europa cando rematan o instituto. Anos despois volven ter relación a causa da morte dun deles.

Nubes de evolución. Andrea Maceiras. Amanda é unha rapaza que traballa de limpadora na estación de autobuses para poder coidar da súa filla dun ano. Alí vai coñecer a Uxío, un rapaz louro e a Luís un profesor de instituto. Xuntos deciden mellorar as súas vidas.

Un de nós mente. Karen M. McManus. Cinco rapaces son enviados a sala de castigo. Un deles morre durante o castigo. Os demais pasan a ser os principais sospeitosos do seu asasinato. A vítima era moi coñecido no instituto por ser o creador dunha páxina de internet onde se divulgaban segredos dos alumnos.

Morning Star. Xosé Miranda. Lourenzo vive cos seus pais nunha pousada nas aforas de Pontevedra a mediados do século XIX. A visita dun vello amigo do seu pai vaine facer descubrir que viven alí agochados do pasado do seu pai. Un pasado que vén a por eles.

Xa non estou aquí. Iria Misa. Ánxela repite 1º de bacharelato. Descontenta coa súa vida, vaise facer amiga dun grupo de rapaces que pasan das normas que son coñecidos como “Os Murnios”. Un día Ánxela desaparece.

Segredos no solpor. Iria Misa. Unha noite Mara chega á casa moito máis tarde do que debería. A ex do seu mozo aparece tirada no medio da estrada. Intentando recordar que sucedeu esa noite vai atopar con segredos agochados da súa propia familia.

Sangue 12. Cris Pavón. Unha vampiresa (convertida na súa adolescencia) séntese moi atraída por unha rapaza adolescente. A pesar de ter varios centos de anos ten que simular ser unha adolescente do século XXI para poder achegarse a ela.

Beleza vermella. A. Portabales. A cidade de Santiago é o escenario dun crime espantoso. A sobriña dunha coñecidísima artista é asasinada na súa casa. O cuarto no que aparece o cadáver está

anegado de sangue e parece preparado como se fose unha obra de arte. Esa noite os seus pais e a súa tía ceaban con uns amigos. A urbanización na que se atopa conta con moitas medidas de seguridade, polo que tivo que ser asasinada por unha das persoas que ceaba na casa esa noite.

As rulas de Bakunin. Antón Riveiro Coello. Camilo, un octoxenario, comunícase por carta coa súa esposa falecida. Estamos no ano 1992 e, mentres agarda polo resultado da operación a que está somentendo ao seu neto cego para que poida volver ver, Camilo vaise atopar en Santiago con varias persoas da súa mocidade e con un libro ao que lle debe a súa vida.

Ollos de auga. Domingo Villar. Un músico aparece asasinado dunha forma terrible nun edificio da illa de Toralla. O inspector Leo Caldas e o seu novo, e pintoresco, compañeiro serán os encargados de investigar os crimes.

BANDA DESEÑADA

Sen mirar atrás. Dani Montero. (BD) Jaime rompe coa súa moza. Colle unha maleta, o coche e marcha acompañado do seu can.

POESÍA

Poetízate. Fran Alonso. Selección de poetas ordenada cronoloxicamente para intentar que prenda no lector mozo a chama da poesía.

TEATRO

Unha primavera para Aldara. Teresa Moure. Durante as guerras irmandiñas un convento, en contra das normas eclesiásticas, acolle ao cabaleiro irmandiño don Nuno. Aldara, a abadesa, enfróntase aos grandes poderes do seu tempo.

O achado do castro. Manuel Núñez Singala. Obra cómica ambientada no imperio romano, foi escrita polo seu autor para ser representada polo seu alumnado.